

# VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

A OBRA XORNALÍSTICA DE BIEITO IGLESIAS

## Crítica, humor e creación

Toda escrita pousa na memoria e na creación como filla que é da historia e da vivencia. Pero hai memorias e vivencias. A memoria de Bieito Iglesias nútrese do humus da caterva popular ourensá, do cinema de barrio e da parentela da aldea; do pobo "plebeo, sensual, resistente", como o pobo portugués de Luís Cília que ben podería ser o da tribo da memoria adolescente de Bieito Iglesias. **Xoán López Facal** comenta *Barcos a pique*, unha compilación dos artigos xornalísticos publicados por Bieito Iglesias en *TEMPOS Novos* e *A Nosa Terra*.

- 08:56 16/06/2005

Bieito non procede de latíns seminaristas nin tampouco da dourada educación do delfín herdeiro, a súa estirpe é a do lector compulsivo que descobre mediterráneos na escrita, que encontra aos seus heroes e musas na sala escura e imprescindible do cinema de barrio, que canta boleros ou blues, que se nutre da TV, da noticia perdida no fondo do xornal, das páxinas de relax e contacto, das palabras capturadas no aire da rúa e da cafetaría.

Un continente inmenso onde conviven Pessoa, Quico Cadaval, Bataille e Conan Doyle, Cacharro Pardo, Ferrín, John Wayne e Gramsci, madame Bovary, Paco Rodríguez, Borges e Fraga Iribarne en constante barullo. Con Bethoven e Bach acompañados de Mick Jagger e Harry Belafonte. Un contemporáneo o Bieito.

Hai memorias e hai saberes, e hai miradas e hai estilos. A mirada de Bieito Iglesias é a propia do humor, a mirada da distancia e a ironía do previsto e o entrevistado; a mirada do convidado que chega tarde, do home póstumo. Da melancolía e o sarcasmo, da piedade polo vencido e o desdén polo tránsito e o arribista. Memoria persoal e cultural, distancia, orgullo e moita autoironía. Todo transformado polo dominio da palabra. A evidente admiración de Bieito polo decoro preciso e equilibrado da prosa portuguesa, subliñada por esa preferencia nos finais nos "ao" da súa fala primeira, o irrefreábel amor polos falares ourensáns da súa infancia, a prosa nerviosa, precisa, sen espazos mortos nin palabras de máis. Unha técnica de gravador, epigramática, pulida no esforzo do dietario fugaz.

Este comentario, persoal mais compartido pola grea de lectores adictos á crónica urbana de Bieito Iglesias, pretende ser un convite á lectura dun xornalista singular. Desterrado dos xornais decanos, dos xornais de maior difusión, dos xornais de maior subvención, dos xornais decanos, dos xornais de cafetaría; dos xornais galegos en suma, debido á súa índole de escritor revirado, practicante de prosa explícita, desinhibido, amigo de sinalar co dedo temas inoportunos (para o poder, case todos), singular, redactor de crónicas ventureiras

non revisadas por directores de opinión.

Bieito Iglesias en suma, desprega os seus textos n◆ *A Nosa Terra* e en *TEMPOS Novos* para satisfacción dos seus lectores incondicionais e perda irreparábel dos xornais de ampla difusión e estritas fronteiras ideolóxicas. Os economistas gustan de dicir que existe un compromiso entre seguridade e rendibilidade, a máis de unha menos de outra. Algo parecido acontece coa liberdade e os resultados empresariais da empresa xornalística onde o lector, unha compoñente máis dos ingresos xunto coa publicidade, as notas necrolóxicas e as páxinas especiais, non pode desafiar os equilibrios de poder (a publicidade institucional, o financiamento benévolo, a información privilexiada).

Fálase do que non se ten, de independencia, de subordinación ao interese do lector (que, significativamente, precisa xa de defensor propio no medio), de traxectorias immaculadas na defensa desinteresada da colectividade. A verdade é que só a posterioridade, (ás veces), re-estabelece a orde dos valores. A publicidade, a información privilexiada, as manobras de intoxicación ou desinformación masiva non son valores que coticen alto na balanza da posterioridade, e, a medio prazo tampouco na dos lectores alfabetizados.

O libro que comentamos ten un prólogo de Luís Álvarez Pousa, profesor de xornalismo, xornalista en exercicio e director de *TEMPOS Novos*, que destas cousas sabe algo. Convido ao lector deste libro a que o lea demoradamente. Aí poderá decatarse, por exemplo, de que os cronistas de xornal poden clasificarse en "cooptados, tolerados e achegados" e moitas outros conceptos útiles para ler a prensa e comprender ese tipo de empresa tan peculiar que por un euro diario está disposta a explicarnos o que debemos saber, crer e esperar.

A Bieito déronlle o V premio "Roberto Blanco Torres" de xornalismo de opinión 2003. Os seus lectores agradecemos a colectánea pero hai tempo que o tiñamos premiado.